



## Concello de Xermade

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (Lugo)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 30/08/2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### “3º. Contratacións

#### 3.3. Aprobación do expediente de contratación da “Subministración de equipamento para o servizo de recollida de residuos do Concello de Xermade”. Expediente 715/2024.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 30 de agosto de 2024, que se transcribe literalmente:

#### “PROPOSTA DE ACORDO

**Asunto: aprobación do expediente de contratación da “Subministración de equipamento para o servizo de recollida de residuos do Concello de Xermade”. Expediente 715/2024.**

Vista a necesidade de mellorar a contenerización das fraccións selectivas aumentando o número de colectores para a recollida de envases lixeiros e papel-cartón, solicitouse a través do Fondo de Compensación Ambiental, liña de concorrencia non competitiva, a adquisición do equipamento que se indica, dividido en catro lotes:

N.º Lote	Descrición dos lotes	Prezo sen IVE	Unidades	Prezo sen IVE	Prezo con IVE
1	Colectores 800 litros recollida selectiva (envases lixeiros)	150,90€	80	12.072,00€	14.607,12€
2	Columnas metálica 3m <sup>3</sup> recollida selectiva papel-cartón	1.049,00€	10	10.490,00€	12.692,90€
3	Papeleiras recollida selectiva 60 litros 2 módulos	148,00€	10	1.480,00€	1.790,80€
4	Papeleiras exterior polietileno	250,00€	5	1.250,00€	1.512,50€

Tendo en conta a natureza das actuacións, estamos ante un contrato administrativo de subministración regulado no art. 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada pola necesidade de mellorar os medios materiais dispoñibles para o servizo de recollida de residuos, servizo de prestación obrigada en todos os municipios (art. 26 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local).

Visto que o orzamento base de licitación para os 4 lotes, como máximo, ascende a contía de trinta mil seiscientos tres euros e trinta e dous céntimos (30.603,32€), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado, por razón da contía (art. 159.6 LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que a subministración debe estar exeutada antes do 31/10/2024.

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

Os criterios de adxudicación propostos son cuantificables automaticamente: o prezo e a ampliación do prazo de garantía.

Con respecto ás condicións especiais de execución do contrato, ao tratarse dun contrato de subministración, ao abeiro do art. 202 da Lei 9/2017, considerase conveniente ter en conta consideracións de tipo ambiental, en concreto: as empresas contarán cos certificados de protección ambiental que sexan necesarios para a súa actividade.

Visto o prego de prescricións técnicas proposto polo técnico de emprego e o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía, de data 29/08/2024, que consta no expediente.

Consta informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención municipal, en data 29/08/2024.

Existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 232 1621 629 por importe de 30.603,32 euros (documento contable RC n.º 2197).

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Xermade é a Alcaldía, posto que o valor estimado do contrato (25.292,00€) non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2024 (196.449,29€).

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 2023-0286 o 27 de xuño (BOP n.º 157 do 10/07/2023), o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeirá a contratación, por procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria, da subministración de equipamento para o servizo de recollida de residuos do Concello de Xermade, por importe de trinta mil seiscentos tres euros e trinta e dous céntimos (30.603,32€)

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de trinta mil seiscentos tres euros e trinta e dous céntimos (30.603,32€) con cargo á aplicación orzamentaria 232 1621 629 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de cláusulas administrativas particulares e as prescricións técnicas no Perfil do contratante e na plataforma de contratación do estado.

Xermade, na data da sinatura dixital

O alcalde

Roberto García Pernas"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a

---

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, coa salvidade prevista no art. 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), expido a presente certificación, en Xermade, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Don Roberto García Pernas, na data da sinatura dixital.

A secretaria-interventora

Visto e praxe,

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027

